

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS DE PROTECCIÓN ANIMAL PARA GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN DE ANIMAIS PROCEDENTES DOS CENTROS DE ACOLLIDA DA REDE PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2026

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 1 de xuño de 2026, adoptou o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto:

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para sufragar os gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrência competitiva, no exercicio 2026.

2. Para os efectos desta convocatoria, poderán ser obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

Adopción directa ou mediación na adopción por terceiros de animais procedentes de calquera dos centros de acollida da Rede Provincial.

Acollida temporal, ata o momento da adopción definitiva de animais que requiran atención e/ou coidados especiais, cuxa conveniencia se estime por parte da Rede Provincial.

Acollida de femias paridas e as súas camadas, ata o momento da adopción.

Acollida de cachorros recollidos sen nai.

Acollida de gatos.

3. Queda excluído desta axuda todo material inventariable.

Segunda. Beneficiarios:

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria aquelas asociacións de protección animal, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos animais de Compañía e que teñan subscrito o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as asociacións de protección e defensa dos animais para a participación na xestión da rede provincial de centros de recollida de animais abandonados.

Non poderán ser destinatarios de subvencións aquelas entidades que non se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais, coas facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social.

Terceira. Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 16911/48006 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026.



A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 25.000,00 euros.

Cuarta. Contía máxima das subvencións:

A contía da subvención estará en función do custo das actuacións, sendo o máximo establecido a conceder de 12.500,00 euros por beneficiario. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total das actuacións a desenvolver polo/a beneficiario/a.

Quinta. Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <https://sede.depourense.es/>

Quinta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación pola Base de Datos Nacional de Subvencións e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e rematará o 30 de setembro de 2026, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da presentación se acreditará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

a.4) Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os documentos indicados nos apartados a.2), a.3) e a.4) cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.



a.5) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

a.6) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

a.7) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado a.7) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web e ademais no BOP, no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

a.8) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o NIF da entidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes (ANEXO V):

Presentarase un proxecto descritivo da actividade a realizar ou realizada, que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva das actuacións subvencionables, asinada polo representante legal da entidade.

b) Orzamento individualizado, detallado en ingresos e gastos, asinada polo representante legal da entidade.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, a documentación indicada neste



apartado. Procederáse de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

Os datos necesarios para o outorgamento da puntuación establecidos na base décima, relativa aos criterios de valoración e o cálculo da axuda, serán obtidos de oficio por esta Deputación Provincial.

Quinta 4: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en adiante RGPD, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, en adiante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600 e correo electrónico: dpd@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente



na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. Estas publicacións manteranse durante o prazo necesario para o cumprimento da súa finalidade, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento, sen prexuízo do seu mantemento nos expedientes administrativos electrónicos correspondentes.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (cumprimento da normativa de protección animal) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contraditorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.



Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense; ou no correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es, así como no correo do DPD: dpd@depourense.es

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima. Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento das actuacións obxecto desta convocatoria, tales como compra de alimentos (pensos, leites maternizadas...), atención veterinaria, medicamentos, transporte de animais, etc.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

Gastos de mantemento de locais.

Gastos de persoal, salvo que consistan nun contrato específico para a realización do proxecto obxecto de subvención.

Gastos de adquisición de bens inventariables.

Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.

Xuros debedores de contas bancarias.

Oitava. Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.



Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realízase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://sede.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formularse proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base undécima.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<https://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 11ª.

Novena. Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado da Área de Medio Ambiente e Enerxía.
- Vogais:
 - O secretario xeral da Deputación ou o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - A interventora da Deputación ou o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.



- O director da Área de Medio Ambiente.
- A xefa da Sección de Subvencións ou o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O director da Rede Provincial de Centros de Acollida de animais abandonados.
- O xefe do Servizo de Medio Rural.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Décima. Criterios para a concesión de subvencións:

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

Os criterios de valoración e a súa ponderación para o outorgamento de subvención e fixación da súa contía, serán os seguintes:

Por cada animal adoptado ou cuxa adopción sexa mediada por a asociación: 1 punto.

Por a acollida de un can adulto a solicitude dos responsables da Rede Provincial ata o momento da adopción definitiva do animal: 3 puntos

Por a acollida de unha cadela coa súa camada ata o momento da adopción da nai e dos fillos: 3 puntos + 1 punto por cada cachorro.

Por a acollida de cachorros sen nai inscritos no Rexistro de animais da Rede Provincial: 2 puntos por cada cachorro lactante, de ata 35 días. 1 punto por cada cachorro de máis de 35 días. Non exclúe a subvención por adopción.

Por cada gato entregado en acollida por os responsables da Rede Provincial: 3 puntos

Se do resultado do reparto existise crédito sobrante, procederase a incrementar a cantidade máxima fixada neste cadro en función do grupo de puntuación ata esgotar o crédito dispoñible.

Tendo en conta o carácter de concorrencia competitiva desta convocatoria, no caso que o importe das axudas correspondentes ás solicitudes recibidas, supere a dotación orzamentaria disposta reducirase a contía subvencionable de maneira proporcional entre os beneficiarios de tal xeito que non se supere a aplicación orzamentaria.

Undécima. Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.



Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días dende a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Duodécima. Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicárase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira. Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20 % da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.



Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimo cuarta. Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos (Anexo VII).

B) Relación clasificada dos gastos das actuacións, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión (Anexo VIII).

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade (Anexo IX).

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

Os beneficiarios deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo X destas bases.

E) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida e a correspondente acreditación do pago das ditas facturas, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, admitirase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, se é o caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).



De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e aos efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o anexo XI e achegar a documentación que proceda.

2. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

3. Para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención e presentar ademais xustificantes de gastos (facturas ou equivalentes) polo importe da subvención concedida.

No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

4. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.

5. A xustificación dos gastos incluírá a acreditación fidedigna do pagamento destes.

6. A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de inspección, auditoría e control financeiro, das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

7. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da



Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

8. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

9. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

10. A Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

11. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación, con data límite, o 30 de novembro de 2026. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 30 de novembro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base), así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

12. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.



Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100 % do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

- a) Aval de entidade de crédito
- b) Seguro de caución
- c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

13. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Décimo quinta. Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo sexta. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o Inorde, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Con-



cluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Presidencia.

Décimo oitava. Normativa aplicable:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Ourense, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 1 de xuño de 2026. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

(Ver anexo páx. seguinte).



ANEXO I

SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓNS DE PROTECCIÓN ANIMAL PARA GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN DE ANIMAIS PROCEDENTES DOS CENTROS DE ACOLLIDA DA REDE PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2026

NOME E APELIDOS		DNI/NIE
REPRESENTANTE LEGAL DE		NIF
ENDEREZO	MUNICIPIO	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

EXPÓN:

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026.

Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

CONTÍA SOLICITADA	€
-------------------	---

Ourense, ____ de _____ de 2026.

(Selo da entidade)

(Sinatura)

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE



ANEXO II DECLARACIÓN

Nome e apelidos	DNI/NIE
En representación da entidade:	

DECLARO:

- Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento non se atopa incursoa en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _____ de _____ de 2026.

Asdo.: _____
(O/a representante da entidade)



ANEXO III DECLARACIÓN

Nome e apelidos	DNI/NIE
En representación da entidade:	

DECLARA:

☐	Non ter solicitada nin, en consecuencia, ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada.																								
☐	Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin: <table border="1" data-bbox="336 1095 1300 1451"><thead><tr><th>Organismo ou entidade ao que solicita</th><th>Data solicitude</th><th>(1) Concesión</th><th>Contía</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr></tbody></table> (1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.	Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	(1) Concesión	Contía																				
Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	(1) Concesión	Contía																						

Ourense, _____, de _____ de 2026

Asdo.: _____
(O/a representante da entidade)



ANEXO IV AUTORIZACIÓN

Nome e apelidos	DNI/NIE
En representación da entidade:	

AUTORIZO:

A Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para a concesión de subvencións para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026.

Ourense, _____ de _____ de 2026

Asdo.: _____
(O/a representante da entidade)



ANEXO V

MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN

-DENOMINACIÓN DO PROXECTO:

-MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTUACIÓNS:

-Descrición das actuacións que a integran:

-Obxectivos que se pretenden acadar coas actuacións:

-Prazo ou data de execución:

, ____ de ____ de 2026





-ORZAMENTO INDIVIDUALIZADO DAS ACTUACIÓNS, DETALLADO EN INGRESOS E GASTOS:

GASTOS

Non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos de mantemento de locais.
- b) Gastos de persoal, salvo que consistan nun contrato específico para a realización do proxecto obxecto de subvención.
- c) Gastos de adquisición de bens inventariables.
- d) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- e) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- f) Xuros debedores de contas bancarias.

Non incluír os gastos non subvencionables

Concepto	Contía

Total de gastos	
-----------------	--

INGRESOS

Concepto	Contía

Total de ingresos	
-------------------	--

_____, ____ de _____ de 2026



ANEXO VI

OFICIO DE REMISIÓN DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Nome e apelidos _____

con DNI/NIE _____, en representación de _____

con NIF _____, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente de solicitude de subvencións para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026.

Ourense, ____ de ____ de ____

Asdo.: _____


(Nome e apelidos)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE. NEGOCIADO DE CONCURSOS



XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓNS DE PROTECCIÓN ANIMAL PARA GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN DE ANIMAIS PROCEDENTES DOS CENTROS DE ACOLLIDA DA REDE PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2026

ANEXO VII



Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos:

, _____ de _____ de

Asdo.:





ANEXO VIII

RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS DA ACTIVIDADE

Nome e apelidos _____

presidente/a da entidade _____

NIF _____.

DECLARO:

Que os gastos efectuados pola asociación para a execución da actuación subvencionada, cun orzamento total de _____ euros, son os seguintes:

	DATA	N.º DE FACTURA	PROVEDOR	CIF	CONCEPTO	IMPORTE
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						
21						
22						
23						
24						
25						
TOTAL						

_____ de _____ de

Asdo.:





ANEXO IX

RELACIÓN DETALLADA DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A ACTUACIÓN SUBVENCIONADA

Nome e apelidos
presidente/a da entidade _____

NIF _____.

DECLARO:

Que os ingresos obtidos pola entidade para as actuacións subvencionadas, son os seguintes:

	CONCEPTO	IMPORTE
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
	TOTAL	

_____ de _____ de



ANEXO X

DECLARACIÓN

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO/A EN PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO/A DE SUBVENCÍONS E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E NO PAGO DE OBRIGAS POR REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

Nome e apelidos

con DNI....., en representación de

.....,

con NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras desta convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **DECLARA RESPONSABLEMENTE** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiario/a da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta.

PRIMEIRO: Que non se encontra incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEGUNDO: Que se encontra ao corrente no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigas por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ao exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

Manifesto que son coñecedor da obriga de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que conste así, firmo esta declaración,

_____, ____ de _____ de

Asdo.:



ANEXO XI

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A NATUREZA DO IVE

Nome e apelidos

con DNI _____, como

da entidade

con NIF _____, en relación coa documentación

administrativa correspondente á subvención

DECLARA:

Primeiro. Que o IVE soportado contido nos xustificantes de gasto presentados con ocasión da xustificación da subvención anteriormente referenciada, ten a natureza de:

- ☐ 1. IVE soportado NON DEDUCIBLE (non se liquida nin compensa IVE)
- ☐ 2. IVE soportado DEDUCIBLE (líquidase ou compénsase IVE) ⁽¹⁾

⁽¹⁾ No suposto de marcar o punto 2, **é obrigatorio presentar, xunto coa presente declaración responsable, o modelo 390** (Resumo anual do IVE do exercicio anterior).

Segundo. No caso de aplicar pro rata no modelo 390, indicar a situación da pro rata do ano encurso.

- ☐ 2.a Que no ano en curso, **se mantén** a mesma porcentaxe de pro rata, tal e como consta no modelo 390 aportado.
- ☐ 2.b Que no ano en curso, **non se mantén** a mesma porcentaxe de pro rata, tal como consta no modelo 390 aportado.

Indicar a nova porcentaxe de pro rata _____

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración responsable en....., o día de de

Asdo.:

como

R. 1.279

